



Concello de Xermade

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN LICITACIÓN “SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO NO CONCELLO DE XERMADE” (PLAN ÚNICO 2018)

Reunidos no salón de plenos da casa consistorial, o día 28 de marzo de 2019, ás 14.15 horas, a mesa de contratación convocada para o citado día, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Roberto García Pernas, coa asistencia dos seguintes vogais: D. Ernesto Ares Yañez e D^a. María Cristina Varela García.

Non asiste o vogal D. Darío Pernas Villares, quen por razóns de servizo non pode abandonar o seu posto de traballo.

Da fe do acto a Secretaria da mesa, D^a. Ana Oseira Portela.

Aberto o acto pola presidencia, dase conta do informe técnico emitido polo enxeñeiro industrial superior D. Antonio Álvarez Cabanas, designado pola área de cooperación e asistencia a concellos da Deputación de Lugo, a solicitude do Concello de Xermade, para valorar a documentación avaliable con criterios subxectivos.

O informe foi presentado o 26/03/2019, con rexistro nº 2019-E-RC-518 e conclúe:

1º. Respecto das ofertas presentadas polos seguintes licitadores:

Nome da Empresa	Documentación sobre A
Vertia Ingeniería S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Hallmann Energie S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Codigalco S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Consecyr S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Elecnor S.A	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Global PCH Lugo	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Electricidad Moncho y Santomé S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Grupo Mariño Obras y Servicios S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica

2º. A oferta de Amys Ingeniería S.L. non contén tódolos documentos esixidos na cláusula 9.4.b) do PCAP, e ademais contén a oferta económica.

Concello de Xermade



Concello de Xermade

Tendo en conta o contido do informe técnico, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Excluir as ofertas presentadas por Vertiia Ingeniería S.L., Hallmann Energie S.L., Codigalco S.L., Consecyr S.L., Elecnor S.A, Global PCH Lugo, Electricidad Moncho y Santomé S.L. e Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L., dado que a luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica.

Segundo.- Excluir a oferta presentada por Amys Ingeniería S.L., dado que no sobre A contén a oferta económica, e a doutrina tanto da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa como do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ven considerando que esta é unha causa de exclusión automática.

Levántase o acto sendo as 14.35 horas da data que figura no encabezamento, do que eu, secretaria, dou fe.

Xermade, o 28 de marzo de 2019.

A Secretaria da mesa

Ana Oseira Portela

Visto e prace

O presidente

Roberto García Pernas

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE